



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Formalización de contrato coa categoría de operario (OEP 2021)

ANUNCIO

Esta alcaldía ditou o 16 de maio de 2025 o Decreto núm.943/2025, que a continuación se transcribe:

“Logo de ver a proposta do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión, a través do sistema de concurso-oposición en quenda libre, dunha praza de persoal laboral denominada: operario (BOP núm.230, do 28-11-2024), vacante no cadro de persoal municipal e incluída na Oferta de Emprego público do Concello de Sada para o ano 2021 (BOP núm.246,do 28-12-2021)

Resultando que o aspirante proposto: D. Juan Carlos Candal García, presentou a documentación preceptiva, esixida na convocatoria, a cal foi achada correcta e acreditativa dos requisitos esixidos.

Consonte ao disposto nas bases 10ª e 12ª xerais aplicables á convocatoria (BOP núm.120, 21-6-2024) e ás atribucións que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

1º. Formalizar contrato laboral con D. Juan Carlos Candal García, co DNI núm. ** 766 9** *, na modalidade de indefinido a tempo completo, coa categoría de operario (Grupo V do convenio colectivo), e adscribilo ao posto código: 100012 da relación de postos de traballo, denominado: operario.

2º. A formalización do contrato realizarase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, previo aviso con tres días de antelación polo interesado”.

O que se fai público para xeral coñecemento

Sada, 19 de maio de 2025

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2025/3172